

Variación dialectal nos verbos do galego: conflitos e violacións

Dialectal variation in Galician verbs: conflicts and violations

M.^a do Carme PARAFITA COUTO¹

Kenyon College
parafitam@kenyon.edu

[Recibido, xaneiro 2007; aceptado, febreiro 2007]

RESUMO

Este artigo analiza o patrón de acentuación dos verbos en diferentes dialectos do galego desde o punto de vista da Teoría da Optimidade (Prince & Smolensky 1993). Aplicanse as premisas básicas deste cadro teórico no dominio da fonoloxía dos verbos de dous dialectos do galego: o de Val do Dubra /Carballo por un lado, e o de Santa Comba polo outro. Arguméntase que as estruturas prosódicas verbais son predicibles a partir da súa composición morfolóxica. É importante destacar que dende o punto de vista da adquisición da linguaxe, este sistema só require que o neonato atope evidencia positiva de cal é o principio dominante.

PALABRAS CHAVE: Teoría da Optimidade, fonoloxía, variación dialectal.

PARAFITA COUTO, M. C. (2007): “Variación dialectal nos verbos do galego: conflitos e violacións”. *Madrygal (Madr.)*, 10: 93-105.

RESUMEN

Este artículo analiza el patrón de acentuación de los verbos en diferentes dialectos del gallego desde el punto de vista de la Teoría de la Optimidad (Prince & Smolensky 1993). Se aplican las premisas básicas de este cuadro teórico en el dominio de la fonología de los verbos de dos dialectos del gallego: el de Val do Dubra/Carballo por un lado, y el de Santa Comba por el otro. Se argumenta que las estructuras prosódicas verbales son predecibles a partir de su composición morfológica. Es importante destacar que desde el punto de vista de adquisición del lenguaje, este sistema sólo requiere que el neonato encuentre evidencia positiva de cuál es el principio dominante.

PALABRAS CLAVE: Teoría de la Optimidad, fonología, variación dialectal.

PARAFITA COUTO, M. C. (2007): “Variación dialectal en los verbos del gallego: conflictos y violaciones”. *Madrygal (Madr.)*, 10: 93-105.

ABSTRACT

This paper analyzes the Galician verb stress pattern from the Optimality Theory perspective (Prince & Smolensky 1993). Basic principals of this theoretical framework are applied to account for the differences in verbal stress assignment that we get in two different Galician dialects: Carballo/Val do Dubra and Santa Comba. I argue that the prosodic structure is predictable from the morphological composition of the verb. It is important to highlight that from the point of view of language acquisition, this system only requires the neonate to find positive evidence of which restriction dominates over the others.

¹ Grazas a Jie Zhang (Universidade de Kansas), Mizuki Miyashita (Universidade de Montana) e Ana Martínez Fernández polos seus comentarios. Teño moito que agradecer tamén a Carmen Blanco.

KEY WORDS: Optimality Theory, phonology, dialectal variation

PARAFITA COUTO, M. C. (2007): "Dialectal variation in Galician verbs: conflicts and violations". *Madrygal (Madr.)*, 10: 93-105.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. Datos. 3. A TO e os verbos do galego. 4. Variación dialectal no imperfecto, buscando a mellor análise. 5. A explicación de Núñez Cedeño e Morales-Front. 6. Conclusión. 7. Referencias bibliográficas.

1. INTRODUCCIÓN

O meu propósito neste artigo é explicar as diferenzas na asignación do acento que se poden observar en dous dialectos do galego. Para iso, usarei a Teoría da Optimidade (a partir de agora TO) (Prince & Smolensky 1993), á que se lle atribúe un gran potencial explicativo. Aplicarei os recursos formais que ofrece esta teoría á variación dialectal existente no galego, concretamente no comportamento fonolóxico na asignación do acento nas formas verbais do dialecto de Val do Dubra/Carballo por un lado, e do de Santa Comba, polo outro (variantes faladas na provincia da Coruña). Segundo esta teoría, para cada forma subxacente, xérase un conxunto infinito de candidatos posibles, de entre os cales un é seleccionado como óptimo en función da xerarquización dunha serie de restricións universais, que, a diferenza dos principios da gramática xenerativa clásica, son violables (Pons Moll 2006). O candidato óptimo é o que viola en menor grao este conxunto de restricións. A variación lingüística explícase neste modelo en función da importancia que as diferentes variedades lle conceden a cada restrición. Deste xeito as restricións están ordenadas de maneira diferente en dous dialectos ou en dúas linguas diferentes. Así, as formas superficiais correspondentes a un mesmo "input" serán diferentes nestes dous dialectos ou linguas.

Demostrarase que a restrición RETRAEMENTO (RETRACT) que Núñez Cedeño e Morales-Front (1999) mencionan para o español precisa estar moi alta na xerarquía no dialecto de

Santa Comba mais moi baixa no dialecto de Val do Dubra e Carballo. Mediante diferentes restricións e a ordenación ou xerarquía destas restricións, que teñen un carácter universal, explicaranse as diferenzas dialectais presentadas na seguinte sección. A análise aquí ofrecida pódese aplicar sen problemas ás formas verbais sen facer referencia á complicada teoría de "sympathy" (Kikuchi 1999). A sección 2 describe a variación dialectal. Na sección 3 introdúcese e explícanse as restricións usadas. Na sección 4 preséntase unha análise do patrón de acentuación do dialecto de Santa Comba. Proporcionase unha solución alternativa, que nos levará a discutir as implicacións da análise para a aprendizaxe. A sección 5 ofrece as explicacións doutros autores da mesma variación en linguas relacionadas. A sección 6 discute e conclúe o artigo.

2. DATOS

Unha das características que máis chama a atención do galego é a diversidade das flexións nas formas verbais. Hai tres paradigmas principais que dependen da vogal acentuada que precede o morfema de infinitivo 'r': os verbos coa vogal temática /a/ (como <falar> /falár/), os verbos coa vogal temática /e/ (como <comer> /komér/) e os verbos coa vogal temática /i/ (como <partir> /partír/). As formas verbais inclúen os morfemas de: raíz (R), vogal temática (VT), tempo-modo-aspecto (TMA) e persoa-número (PN). Nas formas verbais presentadas máis abaixo, un guión (–) simboliza unha barreira entre morfemas. Os morfemas R e VT constitúen a base (B)². Fixémonos no exemplo que segue:

- (1) falá-ba-mos: Base + Sufixo de Imperfecto de Indicativo + sufixo 1 p. plural

Consideremos agora os verbos dos dialectos de Val do Dubra e de Carballo en A, B e C. As desviacións dialectais do dialecto de Santa Comba preséntanse en D. Para máis claridade, indicaranse todas as barreiras morfolóxicas, incluídas as barreiras entre a raíz e a vogal temática. Tamén se silabificarán todas as formas verbais.

² Cf. "Stem" en Mateus e Andrade (2000).

A) Verbos con vogal temática /a/

Infinitivo: <fal-a-r> /falár/ (raíz + vogal temática + marcador de infinitivo)

Indicativo Persoa e Número	Presente	Futuro	Pretérito	Imperfecto
1 persoa singular	fál-o fá.lo	fal-a-réi fa.la.réi	fal-éi fa.léi	fal-á-ba fa.lá.ba
2 persoa singular	fál-a-s fá.las	fal-a-rá-s fa.la.rás	fal-á-ches fa.lá.ches	fal-á-bas fa.lá.bas
3 persoa singular	fál-a fá.la	fal-a-rá fa.la.rá	fal-óu fa.lóu	fal-á-ba fa.lá.ba
1 persoa plural	fal-á-mos fa.lá.mos	fal-a-ré-mos fa.la.ré.mos	fal-á-mos fa.lá.mos	fal-a-bá-mos fa.la.bá.mos
2 persoa plural	fal-á-des fa.lá.des	fal-a-ré-des fa.la.ré.des	fal-á-stes fa.lás.tes	fal-a-bá-des fa.la.bá.des
3 persoa plural	fál-a-n fá.lan	fal-a-rá-n fa.la.rán	fal-á-ron fa.lá.ron	fal-á-ba-n fa.lá.ban

Subxuntivo Persoa e Número	Presente	Imperfecto
1 persoa singular	fál-e fá.le	fál-a-se fa.lá.se
2 persoa singular	fál-e-s fá.les	fal-á-ses fa.lá.ses
3 persoa singular	fál-e fá.le	fal-á-se fa.lá.se
1 persoa plural	fál-é-mos fá.lé.mos	fal-a-sé-mos fa.la.sé.mos
2 persoa plural	fál-é-des fá.lé.des	fal-a-sé-des fa.la.sé.des
3 persoa plural	fál-e-n fá.len	fal-á-sen fa.lá.sen

B) Verbos coa vogal temática /e/
 Infinitivo: <com-e-r> /komér/

Indicativo Persoa e Número	Presente	Futuro	Pretérito	Imperfecto
1 persoa singular	cóm-o có.mo	com-e-réi co.me.réi	com-in co.mín	com-i-a co.mí.a
2 persoa singular	cóm-e-s có.mes	com-e-rás co.me.rá-s	com-é-ches co.mé.ches	com-i-as co.mí.as
3 persoa singular	cóm-e có.me	com-e-rá co.me.rá	com-íu co.míu	com-i-a co.mí.a
1 persoa plural	com-é-mos co.mé.mos	com-e-ré-mos co.me.ré.mos	com-é-mos co.mé.mos	com-i-á-mos co.mí.á.mos
2 persoa plural	com-é-des co.mé.des	com-e-ré-des co.me.ré.des	com-é-stes co.més.tes	com-i-á-des co.mí.á.des
3 persoa plural	cóm-e-n có.men	com-e-rá-n co.me.rán	com-é-ron co.mé.ron	com-i-a-n co.mí.an

Subxuntivo Persoa e Número	Presente	Imperfecto
1 persoa singular	cóm-a có.ma	com-é-se co.mé.se
2 persoa singular	cóm-a-s có.mas	com-é-ses co.mé.ses
3 persoa singular	cóm-a có.ma	com-é-se co.mé.se
1 persoa plural	com-á-mos co.má.mos	com-e-sé-mos co.me.sé.mos
2 persoa plural	com-á-des co.má.des	com-e-sé-des co.me.sé.des
3 persoa plural	cóm-a-n có.man	com-é-sen co.mé.sen

C) Verbos con vogal temática /i/

Infinitivo: <part-i-r> /partír/

Indicativo Persoa e Número	Presente	Futuro	Pretérito	Imperfecto
1 persoa singular	párt-o pár.to	part-i-réi par.ti.réi	part-in par.tín	part-i-a par.tí.a
2 persoa singular	párt-e-s pár.tes	part-i-rás par.ti.rá-s	part-i-ches par.tí.ches	part-í-as par.tí.as
3 persoa singular	párt-e pár.te	part-i-rá par.ti.rá	part-iu par.tíu	part-í-a par.tí.a
1 persoa plural	part-i-mos par.ti.mos	part-i-ré-mos par.ti.ré.mos	part-i-mos par.tí.mos	part-í-a-mos par.tí.á.mos
2 persoa plural	part-i-des part-i-des	part-i-ré-des part-i-ré-des	part-i-stes part-i-stes	part-í-a-des par.tí.á.des
3 persoa plural	cóm-e-n cóm-e-n	part-i-rá-n part-i-rán	part-i-ron part-i-ron	part-í-a-n par.tí.an

Subxuntivo Persoa e Número	Presente	Imperfecto
1 persoa singular	párt-a pár.ta	part-í-se par.ti.se
2 persoa singular	párt-a-s pár.tas	part-i-ses par.tí.ses
3 persoa singular	párt-a pár.ta	part-í-se par.tí.se
1 persoa plural	part-á-mos par.tá.mos	part-i-sé-mos par.tí.sé.mos
2 persoa plural	part-á-des par.tá.des	part-i-sé-des par.tí.sé.des
3 persoa plural	párt-a-n pár.tan	part-í-sen par.tí.sen

D) Desviacións dialectais no dialecto de Santa Comba: 1 e 2 persoa plural do Imperfecto de Indicativo e Subxuntivo para <fal-a-r> /falár/ , <com-e-r> /komér/ e <part-i-r> /partír/

	Imperfecto Indicativo	Imperfecto Subxuntivo
1 persoa plural	fal-á-ba-mos fa.lá.ba.mos	fal-á-se-mos fa.lá.se.mos
2 persoa plural	fal-á-ba-des fa.lá.ba.des	fal-á-se-des fa.lá.se.des
	Imperfecto Indicativo	Imperfecto Subxuntivo
1 persoa plural	com-í-a-mos co.mí.a.mos	com-é-se-mos co.mé.se.mos
2 persoa plural	com-í-a-des co.mí.a.des	com-é-se-des co.mé.se.des
	Imperfecto Indicativo	Imperfecto Subxuntivo
1 persoa plural	part-í-a-mos par.tí.a.mos	part-í-se-mos par.tí.se.mos
2 persoa plural	part-í-a-des par.tí.a.des	part-í-se-des par.tí.se.dess

Os diferentes tempos verbais son distintos con respecto á acentuación. Podemos ver que as formas verbais se poden acentuar na última, penúltima ou antepenúltima sílaba. Parece que o acento primario está restrinxido a aparecer nunha das tres últimas sílabas da palabra:

- (2) a. fa.la.**r**á
b. fa.**lá**.mos
c. fa.**lá**.se.des³

A acentuación na pre-antepenúltima sílaba ou máis aló é imposible, a non ser que a forma verbal vaia unida a un pronome clítico (e.g. fa.**lá**.se.de.lo⁴):

- (3) *fá.la.se.des

Na maioría dos casos, as flexións verbais son sufixos átonos (i.e. non acentuados). A excepción a esta regra é o sufixo de futuro que parece

³ Só no dialecto de Santa Comba.

⁴ Exclusivamente no dialecto de Santa Comba.

estar pre-especificado para estar acentuado. O sufixo de imperfecto tamén está acentuado na primeira e segunda persoa do plural no dialecto de Val do Dubra e Carballo. Alén dalgunhas formas do futuro, acentúase a sílaba final exclusivamente nas formas nas que os marcadores de tempo, persoa e número se amalgaman nun único morfema. Este é o caso das formas da primeira e segunda persoa do singular do pretérito de indicativo. E.g.

- (4) a. fa.léi
b. fa.lóu

3. A TO E OS VERBOS DO GALEGO

Parece que tanto no futuro como na primeira e na terceira persoa do singular do pretérito de indicativo o acento está aliñado á dereita da palabra, como nos seguintes exemplos xa mencionados:

- (2a) fa.la.rá
(4a) fa.léi

Poderíamos asumir que hai unha restrición que aliña a palabra prosódica (PPr) e o acento á dereita. Isto derivaría en verbos acentuados na sílaba final. Consecuentemente, necesítase outra restrición para poder explicar o feito de que os sufixos verbais non están acentuados normalmente (coa excepción dos casos xa indicados). Parece que a base (i.e., raíz + vogal temática) necesita recibir o acento principal na maioría das formas verbais, mais no caso do futuro e das formas fusionadas do pretérito é expresamente o sufixo de tempo o que necesita levar o acento principal.

3.1. AS RESTRICIÓN E AS SÚAS MOTIVACIÓNS

Nesta sección preséntanse o conxunto de restricións idénticas en nome e efecto ás restricións que se encontran na literatura estándar da TO, a non ser que se faga mención específica dalgunha desviación. A restrición gañadora é identificada por unha xerarquía. As restricións entran nunha competición e son violables en principio, mais as violacións das restricións máis altas na xerarquía son máis serias. A columna da esquerda

mostra o conxunto de candidatos. As restricións separadas por unha liña de puntos non están nunha xerarquía crucial, é dicir, a súa xerarquía non pode ser determinada na base dos datos presentados aquí. As restricións separadas por unha liña sólida están nun ránking crucial.

3.1.1. MORFEMA-ESPECÍFICO

Na sección 2 ofreceuse evidencia de que hai ocasións nas que o acento depende da morfoloxía. Isto non é exclusivo para o galego. Pódese dicir o mesmo do acento de Tohono O'odham (Cf. Fitzgerald 1997:54). A restrición en (5) é unha combinación do chamado MORPHEME-TO-STRESS PRINCIPLE de Fitzgerald (1999) (todos os morfemas son acentuados) e as restricións particulares ('parochial') de Hammond (1995) (as restricións universais pódense parametrizar para que se apliquen a só morfemas específicos):

- (4) MORF-ESP: Os sufixo de futuro e os sufixos fusionados de pretérito están especificamente acentuados.

Esta restrición é sensitiva ao contexto. Forza a estes afijos (se están presentes) a ser acentuados, así que debe ser unha restrición moi alta no ránking. Na seguinte táboa vese como funciona esta restrición:

(6) Táboa de avaliación de (2a) /fal-a-ra/

/fal-a-ra/	MORF-ESP
a. fa.la.rá	
b. fa.lá.ra	*!
c. fá.la.ra	*!

Os candidatos (b) e (c) perden a competición porque violan MORF-ESP dado que o sufixo de futuro (-ra) non está acentuado. Porén, o sufixo de futuro está acentuado no candidato (a) e así este candidato resulta gañador dado que non presenta ningunha violación de MORF-ESP.

3.1.2. ALIÑAMENTO XENERALIZADO (GENERALIZED ALIGNMENT)

A teoría do Aliñamento Xeneralizado (Generalized Alignment, McCarthy & Prince, 1993) será extremadamente importante a partir deste momento. A noción de “aliñamento” orixinou na fonoloxía “de frase”, cando se desenvolveu a análise de relacións entre os constituíntes sintácticos e as frases prosódicas. Esta teoría baseada nos límites (edge-based) da interface entre a sintaxe e a fonoloxía foi adaptada á TO por McCarthy e Prince (1993), argumentando que a interface prosodia-morfoloxía debe ser definida exclusivamente en termos de restricións de aliñamento (Kager 1999). O aliñamento non só serve para unir os límites das categorías morfolóxicas, senón tamén para os límites dos constituíntes fonolóxicos (sílabas, pé, PPr). En principio, os requisitos

de aliñamento poden aplicarse a calquera constituínte morfolóxico (raíz, base, afixo, etc. e/ou constituíntes prosódicos (por exemplo o pé ou a mora). Esta teoría di que as restricións de aliñamento poden ser de varios tipos, diferindo con respecto ao tipo de categorías e ao límite ao que se refiren. En todos os exemplos o acento ten que estar aliñado á dereita da PPr. Así que asumo a seguinte restrición:

- (7) ALIÑ (Acento, D, PPr, D): O acento aliñase á dereita da PPr.

A seguinte táboa (8) exemplifica a restrición de aliñamento (7).

- (8) Táboa de avaliación de (9) fal-a-bá -mos (1 persoa plural do imperfecto de indicativo, do set de datos A)

/fal-a-ba-mos/	MORF-ESP	ALIÑ (Ac)
a. fa.la.bá.mos		
b. fa.lá.ba.mos		
c. fã.la.ba.mos		

Os candidatos (a), (b) e (c) presentan violacións de ALIÑ (Acento, D, PPr, D) dado que o núcleo do pé non coincide co límite dereito da base. O candidato (d) é o candidato óptimo porque o acento está aliñado á dereita da palabra. Porén, obtemos o candidato gañador equivocado para este dialecto. O candidato que debería gañar (o candidato (a)) perde a competición.

3.1.3. NONFINALIDADE

Coa excepción do futuro e as formas fusiónadas do pretérito, hai un requisito de que a sílaba final non debe ser acentuada. Xa que logo, a seguinte restrición debe ser operativa:

- (10) NONFINALIDADE: Ningún núcleo prosódico é final na PPr / A PPr non debe rematar en sílaba acentuada.

Esta restrición é a equivalente na TO á “extrametricalidade” na teoría baseada en regras (rule-based theory). Tanto MORF-ESP como NONFINALIDADE están no mesmo nivel na xerarquía, dado que non compiten entre si. Teñen que estar máis altas na xerarquía que ALIN (Acento, D, PPr, D), como podemos ver en (11):

- (11) Táboa de avaliación de (9) fal-a-bá-mos (1 persoa plural do imperfecto indicativo, do set de datos A)

/fal-a-ba-mos/	MORF-ESP	NONFINALIDADE	ALIN (Acento, D, PPr, D)
a. fa.la.bá.mos			*!
b. fa.lá.ba.mos			*!*
c. fã.la.ba.mos			*!***
d. fa.la.ba.mós		*!	

O candidato (d) está fóra da competición porque viola NONFINALIDADE, que é unha das restricións máis altas na xerarquía. Os candidatos (a), (b) e (c) aínda están na competición. O candidato (a) gaña porque ten a cantidade máis pequena de violacións de ALIN (Acento, D, PPr, D).

Parece que estas restricións funcionan con calquera das formas verbais do dialecto de Val do Dubra e Carballo (sets de datos A, B e C). Vexamos agora un exemplo de B.

(12) Táboa de avaliación de (13) com-í-n (3persoa singular do pretérito de indicativo)

/com-i-n/	MORF-ESP	NONFINALIDADE	ALIN (Acento, D, PPr, D)
a. co.mín		*	
b. có.mín	*		*!

Os dous candidatos presentan unha violación dunha das restricións máis altas na xerarquía. Aínda así, os dous candidatos seguen competindo. Non obstante, o candidato (b) tamén viola ALIN (Acento, D, PPr, D) unha vez e entón o candidato (a) acaba gañando. Non é preciso mostrar unha táboa de avaliación para cada forma verbal nos sets A, B e C; todas as táboas serían exactamente iguais ás xa mostradas.

3.2. XERARQUÍA DE RESTRICIÓN

Xa observamos que necesitamos que todas as restricións interactúen para conseguir que o candidato adecuado gañe a competición. Do que se explicou nas seccións previas podemos deducir que a xerarquía das restricións debería ser a seguinte:

(13) MORF-ESP; NONFINALIDADE >> ALIN (Acento, D, PPr, D)

MORF-ESP e NONFINALIDADE necesitan estar nun posto alto na xerarquía. A xerarquía


destas dúas restricións non é importante, o que importa é o número de violacións. É por iso que as dúas restricións ocupan o mesmo lugar no ránking. Tomando o conxunto de restricións propostas en (13) como base, podemos derivar o patrón de acentuación verbal da gramática dos dialectos de Carballo e de Val do Dubra dos sets A, B e C. Imos comezar agora coa gramática do dialecto de Santa Comba, que é diferente da gramática dos dialectos de Carballo e de Val do Dubra só no que respecta á primeira e segunda persoa do plural do imperfecto de indicativo e de subxuntivo, como se ve no set D.

4. VARIACIÓN DIALECTAL NO IMPERFECTO: BUSCANDO A MELLOR ANÁLISE

Imos considerar agora os datos en D. Todas as formas verbais nesta sección presentan un patrón de acentuación para a primeira e segunda persoa do plural do imperfecto de indicativo e subxuntivo diferente do patrón observado en A, B e C para o dialecto de Val do Dubra e Carballo. Nestes casos o acento recae na sílaba que precede o

sufixo de tempo. A maneira máis directa de explicar esta variación é asumir que os dous dialectos teñen gramáticas diferentes e que é unha diferenza no ránking das restricións nas gramáticas dos dous dialectos. Abaixo podemos ver un diagrama que caracteriza as gramáticas dos dous dialectos:

(14)



Obviamente, manter o ránking de restricións que tiñamos para o dialecto de Val do Dubra e de Carballo non é a solución dado que prediciría o que o candidato equivocado gañase a competición. Se dous candidatos “output” son diferentes en termos gramaticais, entón a diferenza debe ser relevante a algunha(s) restrición(s) na xerarquía.

Precisamos unha nova restrición que seleccione o candidato óptimo. A nova restrición debe poder explicar o feito de que no dialecto de Santa Comba a acentuación nos tempos do imperfecto recae sempre na sílaba que precede o sufixo de tempo. Nesa nova xerarquía a seguinte restrición de aliñamento (adaptada de Núñez Cedeño e Morales-Front (1999)) é necesaria:

(15) RETRAEMENTO (RETRACT): Aliñ (RETRACT, E, sílaba acentuada, D): O sufixo de imperfecto de indicativo e o sufixo do imperfecto de subxuntivo teñen un límite esquerdo que deber ser aliñado coa marxe dereita do acento primario.

Esta restrición debería estar no mesmo nivel no ránking que MORF-ESP e NONFINALIDADE, xa que non compite con elas. Vexamos isto na seguinte táboa:

(16) Táboa de avaliación de (17) fal-á-ba-mos (1 persoa de plural do imperfecto de indicativo, set D)

/fal-a-ba-mos/	MORF-ESP	RETRAEM	NONFINALIDADE	ALIÑ (Acento, D, PPr, D)
a. fa.la.bá.mos		*!		*
b. fa.lá.ba.mos				*!*
c. fá.la.ba.mos		*!*		***
d. fa.la.ba.mós		*!	*	

Ningún dos candidatos viola a restrición MORF-ESP dado que o sufixo de imperfecto non está pre-especificado para estar acentuado. Os candidatos (a), (c) e (d) violan a restrición RETRAEMENTO. O sufixo de imperfecto funciona como un retractor do acento, así que a sílaba que o precede inmediatamente debería estar acentuada. O candidato (b) é o único que cumpre ese requisito. O candidato (d) presenta unha violación de NONFINALIDADE. Os candidatos (c) e (d) presentan dúas violacións das restricións máis altas no ranking, o candidato (a) presenta unha violación destas restricións. Desta forma, os tres candidatos quedan fóra da competición. O candidato (b) presenta dúas violacións de ALIÑ (Acento, D, PPr, D) mais non presenta ningunha

violación “fatal” das restricións máis altas da xerarquía. Consecuentemente, o candidato (b) gaña a competición.

Parece entón que temos dúas xerarquías de restricións para os diferentes dialectos. A xerarquía para o dialecto de Val do Dubra e Carballo mostrouse xa en (13). Para o dialecto de Santa Comba, móstrase agora en (18):

(18) MORF-ESP; RETRAEMENTO; NONFINALIDADE >> ALIÑ (Acento, D, PPr, D)

Se redefinimos MORF-ESP para o dialecto de Santa Comba e argumentamos que o sufixo de imperfecto tamén está preespecificado para estar acentuado no dialecto de Santa Comba, entón o

ránking final sería o mesmo nos dous dialectos. No entanto, esta solución non sería a mellor se temos en conta que a variación dialectal afecta só á primeira e segunda persoa do plural das formas do imperfecto. Esta restrición faría que o candidato equivocado gañase a competición no resto das formas do imperfecto. A primeira solución é entón preferible. Ademais, se as gramáticas son esencialmente xerarquías de restricións universais (Kager 1999:297, Pulleyblank (en Archangeli 1997)), entón a adquisición dunha lingua debe levar consigo a adquisición dunha xerarquía de restricións universais para unha lingua en específico. Temos que ter en conta que estamos ante dous dialectos do galego que seguen dous patróns acentuais diferentes. Entón debemos ter dúas gramáticas diferentes para os dous dialectos. Fitzgerald (2002) tamén ofrece unha explicación da variación dialectal de Tohono O'Odham simplemente como un “re-ránking” das restricións. Rice (2002) presenta tamén unha análise da variación dialectal dos imperativos en noruegués en termos de reorganización na xerarquía (re-ránking). Estes estudos ilustran a predicción da TO de que a variación tipolóxica nas gramáticas revela variación no ránking de restricións. Debemos ter entón dúas xerarquías diferentes de restricións para as gramáticas dos dous dialectos.

5. A EXPLICACIÓN DE NÚÑEZ CEDEÑO E MORALES-FRONT

Núñez Cedeño e Morales-Front propoñen que o marcador verbal de tempo sexa especificado como un retractor do acento (RETRACT). As restricións que eles usan son as seguintes:

- (19) RETRAEMENTO (RETRACT): Aliñ (RETRAEMENTO, E, sílaba acentuada, D) (Todos os sufixos que pertencen ó grupo “Retract”⁵ teñen un límite esquerdo que ten que estar aliñado coa marxe dereita do acento primario.)
- (20) ALIÑ-D: Aliñ (PPr. D, sílaba acentuada, D)
- (21) FÉ-ACENTO: A estrutura métrica do output debe ser fiel á estrutura léxica métrica⁶

A xerarquía sería o seguinte:

(22) RETRAEMENTO >> ALIÑ-D

Non discuten o ránking de FÉ-ACENTO con respecto a RETRAEMENTO e ALIÑ-D. Vexamos a súa táboa de avaliación para a forma verbal /anima/:

- (23) Avaliación de anima: anim-a (3 p. sg. presente indicativo) → [anima]

/anim-a/	RETRAEMENTO	ALIÑ-D
a. á.ni.ma	*!	**
b. a.ni.ma		*

Mais esta xerarquía predí erradamente que a antepenúltima sílaba sexa acentuada, xa que, de acordo coa restrición máis alta da, RETRACT, o acento sempre recae á esquerda do marcador verbal de presente. Tamén predí un patrón de acentuación equivocado para o futuro.

- (24) Avaliación de [animá-mos] (presente de indicativo)

/anima-mos/	RETRAEMENTO	ALIÑ-R
a. ani.ma.mos	*!	***
b. a.ni.ma.mos		??

6. CONCLUSIÓN

Este artigo examinou o patrón de acentuación verbal do galego dende a perspectiva da TO. Mantense que non hai necesidade de usar a teoría “sympathetic” (Kikuchi 1999) e que a restrición RETRAEMENTO xa proposta por Núñez Cedeño e Morales-Front (1999) para o español está moi alta na xerarquía no dialecto de Santa Comba. As restricións presentadas neste artigo e a súa interacción explican os cambios de acentuación resultantes da variación dialectal. Presentouse unha solución alternativa, na que unha restrición tiña que ser redefinida. Dado que a variación dialectal non afecta o paradigma verbal do imperfecto enteiro (só a primeira e segunda persoa do plural

⁵ Eles non mencionan como determinan o grupo.

⁶ Pregúntome se queren dicir “input”.

varían), esta solución alternativa daríanos os resultados equivocados para as formas que son similares nos dous dialectos. Así, a primeira solución (facer que unha restrición baixa na xerarquía sexa unha restrición alta no dialecto de Santa Comba) é preferible. Alén diso, moitos estudos propuxeron que a TO predí que a variación tipolóxica das gramáticas revela variacións na xerarquía das restricións (Fitzgerald 2002, Rice 2002). Este análise apoia a predicción de Prince e Smolensky's (1993) de que a variación lingüística é causada polas diferentes xerarquías e non pola asunción de diferentes representacións subxacentes. Para conseguir dúas formas no “output”, dúas restricións relevantes son reorganizadas na xerarquía. Con un “ránking” crucial da restrición A sobre a restrición B, unha forma óptima emerxe na táboa de avaliación, e se a orde dese “ránking” se cambia, conseguimos a outra forma óptima. Consecuentemente, este “re-ránking” acaba por darnos dous procesos de avaliación diferente onde en cada táboa se selecciona unha única forma óptima. Non obstante, nos dous dialectos presentados aquí, a variación dialectal

non pode ser atribuída á reversibilidade de dúas restricións unha ao lado da outra. A variación dialectal neste caso resulta do “re-ránking” de restricións que están moi lonxe na xerarquía. RETRAEMENTO está moi abaixo na xerarquía no dialecto de Val do Dubra e Carballo mais moi alto no dialecto de Santa Comba.

As diferentes aproximacións á asignación do acento en outras linguas son problemáticas. Núñez Cedeño e Morales-Front (1999) propoñen que o marcador de tempo verbal sexa especificado como un retractor do acento (RETRAEMENTO), pero isto non é sempre así (futuro, morfemas amalgamados do pretérito).

Hai vantaxes inmediatas da proposta presentada neste artigo. Non trata coa arbitrariedade de RETRAEMENTO presentada en Núñez Cedeño e Morales-Front (1999). As estruturas prosódicas pódense predicir na base doutra información tamén presente no “input”, como a composición morfé mica. Desde o punto de vista da adquisición de linguas, este sistema só require que o aprendiz encontre evidencia positiva de cal é a restrición dominante.

BIBLIOGRAFÍA

- ARCHANGELI, Diana e Terence LANGENDOEN (ed.) (1997): *Optimality Theory. An overview*. Blackwell Publishers. Oxford.
- COSTA, João (2001): *Gramática, Conflitos e Violações. Introdução à Teoria da Optimidade*. Universitária-Série Linguística, n. 14.
- FITZGERALD, Colleen Miriam (1997): *O'Odham Rhythms*. Tese de doutoramento. University of Arizona.
- (2001): *Representation of Rhythm and Clash in Tohono O'Odham*. Workshop Archives. Summer Term 2001. The Centre for Speech Technology Research. University of Edinburgh.
- HALLE, Morris e Jean-Roger VERGNAUD (1987): *An essay on stress*. Cambridge, Mass.: MIT Press.
- HAMMOND, Michael (1994): *An OT account of variability in Walmatjari stress* [ROA]
- (1995): *There is no Lexicon!* [ROA]
- HAYES, Bruce (1980): *A metrical theory of stress rules*. Tese de doutoramento, MIT. Publicada no 1985, New York: Garland.
- KAGER, René (1999): *Optimality Theory*. Cambridge University Press.
- KIKUCHI, Seiichiro (1999): *A Sympathetic Approach to Stress in Spanish Ipsiradical Sets*. Tohoku University. Phonology Forum
- LEE, Minkyung (1999): *An Optimality Theoretic Analysis of Paamese Stress*. Kansas Working Papers in Linguistics. Volume 24, Number 1
- MATEUS, Maria Helena e Ernesto D'andrade (2000): *The Phonology of Portuguese*. Oxford University Press.
- MUNSON, Jay (2003): *Stressing out in Spanish: an Optimality Theoretic account of Spanish nominal stress*. 19th Northwest Linguistic Conference. University of Victoria, Canada.
- NÚÑEZ CEDEÑO, Rafael A. e Alfonso MORALES-FRONT (1999): *Fonología generativa de la lengua española*. Georgetown University Press. Washington DC.
- PIÑEROS, Carlos Eduardo (2001): *Vowel Weightlessness and Stress Retraction in Spanish*. ms., University of Iowa.
- PONS MOLL, Claudia (2006): *Teoría de la Optimización y variación dialectal en catalán*. Ms. Universidade de Barcelona.
- PRINCE, Alan e Paul SMOLENSKY (1993): *Optimality Theory: constraint interaction in generative grammar*. Ms. Rutgers University, New Brunswick e University of Colorado, Boulder.
- RICE, Curt (2002): *When nothing is good enough: Dialectal variation in Norwegian imperative*. GLOW 2002.